

A ATENCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA



Dña. XXXXX, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, - ADEGA-, cuxos fins son a defensa dos valores naturais e culturais de Galicia, con domicilio en Ronda Fontiñas, 180 Entrechán, 27002 Lugo, presenta a DENUNCIA polos seguintes:

FEITOS:

Un.- O “Eucalipto das Lombas” ou tamén coñecido como “Eucalipto do Maná da Casa de Órdax”, da especie *Eucalyptus Viminalis Labill.*, situado no lugar das Lombas, parroquia de Santo Estevo de Loentia, no concello de Castro de Rei, protexido como árbore singular polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e tamén polo Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o anterior, vén de sufrir unha agresiva e irreversible poda que atentou contra todos os valores históricos, volumétricos e naturais polos que esta árbores foi catalogada como exemplar senlleiro.

Dous.- Este feito, acontecido a finais de 2014, contravén varios dos artigos dispostos no Decreto 67/2007 de 22 de marzo, dos cales sinalamos:

-O art. 9.2 no que se prohíbe calquera actuación que afecte ao exemplar de xeito negativo ao exemplar, como é o caso: “*A protección implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade, a súa saúde e a súa aparencia*”;

-O art. 9.3 no que se prohiben todas as accións que poidan ameazar os valores da árbore senlleira sen a preceptiva autorización da D.X. de Conservación da Natureza: “*Os proxectos cuxa execución poida ameazar os valores naturais, culturais, científicos, didácticos ou doutra orde, de árbores ou formacións senlleiras necesitarán autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza*”;

-O art. 9.4 no que se indica que non se poden realizar podas nos exemplares protexidos cando non sexan necesarias para a conservación da propia árbore ou cando exista perigo para a saúde pública e a seguridade das persoas: “*A realización de actuacións coma podas ou tratamentos fitosanitarios, cando sexan necesarias para a conservación do propio exemplar ou cando exista un perigo para a saúde pública e a seguridade das persoas, necesitará autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza*”. O Eucalipto das Lombas non incorre en ningunha destas excepcións.

Tres.- Os feitos tiveron lugar sen os preceptivos informes do Comité Asesor das Árbores senlleiras, de carácter técnico e científico que xustifiquen tal actuación e que avalíen os danos xerados. A continuación sinalados algunhas das eivas detectadas neste sentido:

- a) A ADEGA, con representación no **Comité das Árbores Senlleiras** non lle consta que se teña convocado nin informado a dito Comité para que asesore e teña coñecemento de tan severas actuacións dentro das súas competencias, sinaladas no artigo 6 da norma.
- b) Non se ten coñecemento da existencia de **informe técnico** da **Dirección Xeral de Conservación da Natureza** e de **Patrimonio Cultural** sobre un ben protexido desta magnitude.
- c) Non se ten constancia da existencia dun **Plan de Xestión** para a conservación, restauración ou mellora deste exemplar protexido, tal e como se prevé no artigo 8 do Decreto de Árbores senlleiras polo que foi catalogado.
- d) Non consta **informe técnico municipal** sobre unha actuación que atenta severamente contra un ben cultural e ambiental da máxima consideración para o patrimonio de Castro de Rei.
- e) Non constan **directrices específicas** para proceder a unha poda radical desta árbore senlleira, coa dirección de obra correspondente, seguimento e prevención de patoloxías derivadas que poden poner en perigo a propia vida da árbore.
- f) Non consta a existencia de contrainforme algún que sopesa a adopción de **medidas alternativas** en relación co regulamento e funcionamento do aeródromo de Rozas, capaces de evitar un atentado contra a integridade da árbore e poder así preservala tal e como marca a lei.
- g) Non consta informe de fin de obra por parte de expertos que valoren a situación actual desta árbore senlleira do patrimonio galego e as medidas para a súa recuperación, así como a convocatoria do Comité Asesor para cuantificar os danos e a nova situación da árbore dentro do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Catro.- A poda agresiva e irremediable que sufriu este exemplar protexido no Catálogo de Árbores Senlleiras, podería supoñer a **descatalogación** da mesma como árbore singular, ao perder os valores que motivaron a súa inclusión no Catálogo, segundo se indica no artigo 4.9 da norma de 2007, ratificado no artigo 4.7 da norma actualizada en 2015: “*A descatalogación producirase coma consecuencia da morte biolóxica ou da perda dos valores que motivaron a súa inclusión*”. Sen embargo, pese a perda deste valores causada polos feitos descritos, segue a constar como exemplar protexido no Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto de Árbores Senlleiras do ano 2007.

Cinco.- Os feitos descritos tiveron lugar meses antes da aprobación do Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, de Árbores Senlleiras e, polo tanto, baixo a vixencia e disposición do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que regula a protección das Árbores Senlleiras.

-Ante tales feitos, **SOLICITAMOS**:

-Que se investigue o sucedido para clarificar responsabilidades e aplicar o réxime sancionador previsto pola normativa correspondente de árbores senlleira de Galicia.

-Que se nos forneza de información sobre o promotor/es de tal atentado e a motivación de tal desfeita, e dos informes técnicos preceptivos indicados no apartado “**Tres**” deste escrito, que supostamente avalaron esta actuación, procedentes tanto da D.X. de Patrimonio cultural, do Comité Asesor das árbores senlleiras, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza ou doutros organismos que naquel momento eran competentes na autorización deste tipo de actuacións.

-Que se avalíen os danos xerados nesta árbore senlleira e proceder á súa descatalogación no caso de térense perdido os valores que motivaron a súa inclusión no Catálogo galego de Árbores senlleiras.

-Que se manteña informada debidamente a esta asociación dos resultados da investigación referida.

En Lugo, a 16 febreiro de 2015.


Asdo:

ANEXO FOTOGRÁFICO

ANTES DA PODA



DEPOIS DA PODA SALVAXE





**RESTOS DAS POLAS TALADAS
NO CHAN**

